

CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

RESOLUCIÓN

ASUNTO: ADXUDICACION DA LICITACION E CONTRATACION DO SERVIZO DE TELEFONIA FIXA, MÓBIL E ACCESO A INTERNET DO CONCELLO DA CAPELA

FEITOS

1 Por Resolución da Alcaldía Nº 129/2017, do 11 de maio de 2017, aprobouse o expediente para a licitación e contratación polo sistema de procedemento aberto, tramitación ordinaria cun único criterio de valoración, factor prezo do servizo denominado **telefonía fixa, móbil e acceso a internet do Concello da Capela**.

2 A tales efectos publicáronse anuncios de licitación no BOP Nº 92, de data 18 de maio de 2017 e perfil do contratante do Concello da Capela, na páxina web municipal www.concellodacapela.es.

3 No prazo establecido ó efecto presentaron proposicións as seguintes empresas:


- RCable y Telecomunicaciones Galicia, S.A.
- Santitel, S.L.

4 A Mesa de Contratación realizada o día 13 de xuño de 2017 acordou propoñer o órgano de contratación competente a adxudicación da licitación e contratación de referencia á oferta presentada pola empresa Santitel, S.L., polo prezo de 8.290,92 €/ano, IVE engadido, o ser a oferta economicamente máis ventaxosa.

5 En data 14 de xuño de 2017 remiteuse á empresa Santitel, S.L. requirimento para que pola mesma se achegara ó Concello a documentación prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, previa a Resolución de adxudicación.

6 En data 3 de xullo de 2017 a empresa Santitel, S.L., rexistrou no Concello co Nº 2017/628 a documentación requirida

E tendo en conta os seguintes



CONCELLO DA CAPELA
As Neves, 46-A 15613 A Capela
Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371
E. electrónico: correo@acapela.es
Web: www.concellodacapela.es

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- Artigo 21.1 a) b) e f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Disposición adicional 2ª do RDL 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSP)
- Bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2017

Visto o anterior,

RESOLVO:

1 Adxudicar á empresa Santitel, S.L. o servizo de **telefonía fixa, móbil e acceso a internet do Concello da Capela**, de acordo coas condicións establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexeron a licitación de referencia polo prezo de 8.290,92 €/ano, IVE engadido.

2 Notificar a presente Resolución á empresa adxudicataria, así como as que concorreron a licitación e contratación de referencia.

O Secretario

José Antonio Meizoso Paz

Vº e Prace

O Alcalde

Manuel Meizoso López